

V XORNADA

# O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE

26 de febreiro de 2020

Salón de Actos do CITIUS. Universidade de Santiago de  
Compostela

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

O sector alimentario é un dos sectores estratéxicos en Galicia tanto pola súa dimensión, como pola súa transcendencia económica e social. Neste ámbito, o **Clúster Alimentario de Galicia** artella nunha estrutura organizada do sector alimentario galego, en senso amplo, integrando ás empresas, así como ás entidades de investigación e innovación e outras organizacións, en procesos de cooperación que permitan obter beneficios derivados da aplicación de accións e proxectos colaborativos, cos seguintes **obxectivos estratéxicos**:

- O1. Desenvolver a cultura da innovación e favorecer a difusión e aplicación do coñecemento.
- O2. Impulsar a creación de valor, a través de novos produtos e/ou procesos e a seguridade e calidade.
- O3. Mellorar a produtividade e sustentabilidade e avanzar cara á fábrica do futuro.
- O4. Reforzar o posicionamento nos mercados e adaptación ás tendencias do consumo.

Con este obxectivo constitúese a **Comisión de Innovación e I+D** co obxectivo de acadar maior intercambio e interacción entre empresas, centros tecnolóxicos e universidades, consolidando así grupos de traballo arredor de temáticas relevantes para o sector alimentario:

1. Innovación en alimentos e ingredientes innovadores, seguros e saudables adaptados ás tendencias de consumo.
2. Novos modelos de produción e comercialización. Innovación en procesos e tecnoloxías. dixitalización e bioeconomía.
3. Loxística e distribución. *Packaging* innovador sustentable e adaptado ás tendencias de consumo.

En paralelo a **Comisión de sustentabilidade e economía circular** ten como obxectivo o reforzamento das cuestións relacionadas coa sustentabilidade ambiental, cunha mención especial á bioeconomía e á economía circular, incluíndo medidas e liñas concretas de actuación. En particular en tres ámbitos:

1. Organización de actividades de información e formación para os socios do clúster nas diversas cuestións relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a economía circular.
2. Apoio á posta en marcha de proxectos colaborativos destinados á mellora da sustentabilidade ambiental e a adaptación a unha economía circular.
3. Divulgación de boas prácticas dos socios do clúster nestes ámbitos.

# XORNADA O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE

## PROGRAMA

26 de febreiro de 2020

Salón de Actos do CITIUS. Universidade de Santiago de Compostela

- 09.30 h    **Recepción de asistentes**
- 09.45 h    **Benvida institucional**  
Vicente Pérez Muñuzuri | Vicerreitor de Investigación e Innovación
- 09.55 h    **Presentación do Clúster Alimentario de Galicia: comisión e grupos de traballo**  
Roberto Alonso | Xerente do Clúster Alimentario de Galicia
- 10.15 h    **Presentación dos retos da Comisión de Innovación e I+D do Clusaga**  
Sergio Martínez Alonso | Responsable de I+D+i de Innolact  
Ángel Pereira Rodríguez | Director de Innovación de DairyLac
- 10.35 h    **Presentacións curtas dos grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela relevantes para o sector alimentario**
- 11.30 h    **Café *networking***

# O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE

26 de febreiro de 2020

Salón de Actos do CITIUS. Universidade de Santiago  
de Compostela

[FORMULARIO DE  
INSCRICIÓN](#)